

MOI BOAS!!!

Que tal vai a semana? Espero que vaia ben. Non esquezades escoitar música relaxante se notades que estades un pouco nerviosos...ides empezar o día moito máis contentos e relaxados.

Primeiro de todo, deixo un vídeo coa corrección e comentarios acerca das actividades das Letras Galegas 2020. Xa sabedes que as últimas preguntas son de opinión e, por tanto, cada un pode ter unha idea distinta sobre elas e nunca irá mal. Simplemente é a túa opinión.

<https://youtu.be/tDvO3IDBdxA>

Agora, é o momento de ver outro vídeo no que se explican as Idades da Historia. Recordades do ano pasado? Vemos o vídeo e logo comentamos...

<https://www.youtube.com/watch?v=6E8Gx9MvGuE&t=200s>

(toca copiar)

AS IDADES DA HISTORIA

A Historia da humanidade é estudada polos historiadores (persoas encargadas de analizar e estudar os feitos históricos do ser humano) a través das fontes históricas. Debidos á cantidade de feitos históricos importantes e para comprender un pouco mellor toda a Historia, decidiron dividir a Historia da Humanidade (do home) en 5 grandes etapas:


PREHISTORIA

IDADE ANTIGA

IDADE MEDIA

IDADE MODERNA

IDADE CONTEMPORÁNEA



DIFERENCIA ENTRE A PREHISTORIA e HISTORIA

A Historia da Humanidade abarca desde a aparición do home ata a actualidade (hoxe en día). O período Prehistórico durou moitos anos e distínguese do período histórico (idade Antiga, idade Media, idade Moderna e idade Contemporánea) por un simple pero importantísimo feito: a aparición da escritura.

Agora toca descansar a man e ver o seguinte vídeo sobre a Prehistoria ...

<https://www.youtube.com/watch?v=Sw-SO3WTxAc>

Despois de ver o vídeo, podes velo de novo para responder as seguintes preguntas:

- Cales son os tres grandes períodos da Prehistoria?
-
- Que significa ser nómade?
-
- Que feitos importantes levan a cabo durante o Neolítico?
-
- Onde colocaron os primeiros poboados durante o Neolítico? Por que?
-
- Que é a metalurxia e en que etapa prehistórica aparece?
-
- Que é o troco (trueque)
-

REMATAMOS POR HOXE.
TRABALLAMOS PERO FOI
INTERESANTE, NON?

